

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o once de maio de dous mil dezaseis, adoptou o seguinte acordo:


19/285 CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO. (EXPTE. REF. 2-2016). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 28 de abril de 2016 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Prego de condicións técnicas para a contratación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís e circuitos biosaudables existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo, redactado polo Xefe do Servizo Técnico de Parques e Xardíns con data 5 de novembro de 2015.
- II. Certificado de existencia de consignación na aplicación 17100.22799 do vixente orzamento xeral prorrogado para 2016 para a cantidade de 100.000 euros (RC 5866) emitido pola Tesourería Municipal con data 2 de febreiro de 2016.
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación do servizo de mantemento e conservación integral das áreas de xogos infantís existentes nos parques, xardíns e zonas verdes públicas municipais da cidade de Lugo e correspondente informe –proposta elaborados polo Servizo Municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento con data 2 de febreiro de 2016.
- IV. Informe favorable da Asesoría Xurídica do 15 de febreiro de 2016
- V. Informe de fiscalización favorable da Intervención ref. 86/2016 do 14 de abril de 2016.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009 polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles nos que “o seu obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra incluídos) dos elementos de xogo das áreas de xogos infantís municipais que se enumeran no ANEXO I do prego de condicións técnicas, e as que se instalen nos parques, xardíns e zonas verdes públicas, así como o mantemento das superficies das ditas áreas incluído céspede artificial, solos, areeiros e pavimentos continuos de seguridade ou non das ditas áreas, mantemento, conservación e reparación de cerramentos perimetrais e carteis informativos, todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de parques e xardíns.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP e de **regulación harmonizada** toda vez nos atopamos ante un contrato de servizos do Anexo I da categoría 1 do TRLCSP cun valor estimado superior a 209.000 euros.

Cómpre sinalar que a Directiva aumenta as categorías de contratos de servizos suxeitos a regulación harmonizada (anteriormente só eran os da categoría 1 a 17) de modo que só uns poucos están excluídos mentres que algúns tradicionalmente excluídos si se inclúen agora cun umbral máis elevado (os de servizos sociais e outros servizos específicos enumerados no anexo XIV).

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP, establecéndose maioritariamente criterios avaliábeis automaticamente.

Terceiro.- A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 tiña un prazo de transposición ata o 18 de abril de 2016, data na que os Estados membros debían ter as súas normas internas adaptadas a esta Directiva. O Estado español non ten transposto a totalidade do seu articulado, non



obstante e a pesar desto a Directiva ten efecto directo polo que algún dos seus artigos deben aplicarse directamente para os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada, como é este contrato.

Un dos artigos que ten efecto directo é o **artigo 59 da Directiva** relativo ao DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN consistente nunha declaración formal das empresas e entidades interesadas no que indican que non se atopan en situación algunha pola que deban ser excluídos do proceso de licitación e que cumpren os criterios de selección establecidos.

O obxectivo deste DEUC é reducir as cargas administrativas que comporta a obriga de presentar un elevado número de certificados ou de documentos relacionados cos criterios de exclusión e selección.

Este artigo 59 é desenvolto polo **Regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión do 5 de xaneiro de 2016 polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación**

Esta DEUC é conceptualmente a declaración responsable do artigo 146.4 do TRLCSP pero agora cun novo contido de modo que os licitadores deberán seguir as instrucións establecidas no Regulamento (UE) nº 2016/7 antes referido.

A entrada en vigor desta Directiva obriga a modificar o prego de cláusulas administrativas particulares no relativo á cláusula décima permitindo ás empresas interesadas que presenten, se o consideran conveniente este documento, en substitución da documentación administrativa relacionada na dita cláusula

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter pluriannual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexerán na licitación de referencia, sendo o teor literal o seguinte:

A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO (EXPTE REF. 2-2016)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra incluídos) dos elementos de xogo das áreas de xogos infantís municipais que se enumeran no ANEXO I do prego de condicións técnicas, e as que se instalen nos parques, xardíns e zonas verdes públicas, así como o mantemento das superficies das ditas áreas incluído céspede artificial, solos, areeiros e pavimentos continuos de seguridade ou non das ditas áreas, mantemento, conservación e reparación de cerramentos perimetrais e carteis informativos, todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de parques e xardíns

CPV.- 77313000-7 Servizo de mantemento de parques.

77314000-4 Servizo de mantemento de terreos.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigos 10 e 301 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e que ten por obxecto a prestación do servizo de mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra incluídos) dos elementos de xogo das áreas de xogos infantís municipais que se enumeran no ANEXO I do prego de condicións técnicas, e as que se instalen nos parques, xardíns e zonas verdes públicas, así como o mantemento das superficies das ditas áreas incluído céspede artificial, solos, areeiros e pavimentos continuos de seguridade ou non das ditas áreas, mantemento, conservación e reparación de cerramentos perimetrais e carteis informativos, todo elo de acordo coas condicións técnicas elaboradas polo técnico municipal de parques e xardíns

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).



- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato será de CATRO ANOS contados a partir da acta de inicio da prestación dos servizos que será asinada no prazo máximo de quince días dende a data de formalización do contrato.

O dito prazo será prorrogable por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes sen que en ningún caso o prazo total do contrato poda superar os SEIS anos.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

4.1.- O **prezo máximo para a primeira anualidade** ascende a 82.644,63 euros máis o 21% de IVE (17.355,37 euros) resultando un total anual de 100.000 € IVE incluído desglosado nos seguintes conceptos:

- Orzamento para a primeira anualidade correspondente aos **traballos de mantemento e conservación integral** que ascende a 61.983,47 euros máis o 21% de IVE (13.016,53 euros) resultando un total anual de 75.000 € IVE incluído

Sobre este orzamento de mantemento e conservación integral deberán realizar os licitadores a súa oferta económica, sen prexuízo de ofertar unha porcentaxe de baixa única sobre os prezos unitarios para o mantemento e conservación non incluído no canon de mantemento integral (cláusula 3.4 e 4 do prego de condicións técnicas), tal e como se explica na cláusula décimo segunda destes pregos.

- Orzamento para atender ás necesidades e custos económicos a que se refire o apartado 4 do prego de condicións técnicas (**danos por actos vandálicos e outros traballos non incluídos no canon de mantemento e conservación integral**) que ascende a 20.661,16 euros máis o 21% de IVE (4.338,84 euros) resultando un total anual de 25.000 € IVE incluído



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

4.2.- Os efectos do cálculo do valor estimado do contrato e de conformidade co artigo 88 do TRLCSP tense en conta o importe total estimado (importe sen IVE) de toda a duración do contrato incluídas as prorrogas.

Asimesmo e dado que este contrato prevé a posibilidade de que sexa modificado debe incluírse o importe da totalidade das modificacións previstas e que ascenden a 10.000 IVE (21%) incluído para cada anualidade.

Polo tanto, o **valor estimado deste contrato ascende a 545.454,54 euros**.

4.3.- Faise contar a existencia de crédito suficiente na partida 17100.22799 do vixente orzamento xeral para a anualidade 2016 por importe de 100.000 euros (RC 1494/16) debendo acordarse o compromiso do Concello de incluír nos Orzamentos 2017 e seguintes a cantidade restante ata o total do contrato e no caso de prórroga do mesmo.

4.4.- A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, soldos do persoal ó seu cargo que leven a cabo a prestación dos servizos, taxas e toda clase de tributos, en especial o IVE, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

4.- Nos casos en que de conformidade coa cláusula 6ª dos pregos de prescricións técnicas procedera a ampliación ou diminución das áreas de xogo a incluír dentro deste contrato, o aboamento dos prezos anuais por cada unha delas farase de conformidade cos prezos indicados na dita cláusula 6ª corrixidos, se é o caso, co porcentaxe da baixa do prezo de licitación que resulte da adxudicación.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS HUMANOS.

O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto e regulación harmonizada**, previsto e regulado polos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato. **Para isto, os licitadores deberán presentar dentro do sobre A e conforme o modelo do ANEXO IV deste prego de cláusulas administrativas particulares o compromiso de adscribir á execución**



do contrato obrigatoriamente os medios humanos e materiais que a continuación se sinala:

a) MEDIOS HUMANOS:

1.-Un responsable máximo da empresa que será o interlocutor oficial co Concello de Lugo e que poderá formar parte, ó mesmo tempo, do persoal técnico titulado adscrito ó servizo, con experiencia acreditada mínima de cinco anos como responsable de contratos de servizos de reparación, mantemento e conservación de xogos infantís como os deste contrato. Non é esixible unha dedicación exclusiva a este contrato se ben estará permanentemente localizable aos efectos de comunicar incidencias e garantir unha correcta prestación do servizo

2.-Dous operarios de acreditada formación na conservación e mantemento de xogos infantís, con experiencia acreditada mínima de cinco anos en contratos de servizos de reparación, mantemento e conservación de xogos infantís como os deste contrato.

3.- Un administrativo para a emisión de informes, partes, incidencias, etc....

No caso que durante a execución do contrato se modifique algún deste persoal que se compromete a adscribir á execución do contrato, deberá ser sempre substituíndose por outro con igual titulación académica e experiencia profesional e coa autorización previa do Concello de Lugo.

b) MEDIOS MATERIAIS

1.- Un equipo con programa informático de mantemento

2.- Unha furgoneta con capacidade suficiente e propia de mantemento.

3.- Un local con capacidade e superficie suficiente e necesaria para prestar o servizo destinado a almacén de pezas, xogos, recambios, etc.

O compromiso de adscrición de medios persoais e materiais terán carácter de obriga contractual esencial ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións **as unións de empresarios** que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

6.1.- A solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

- Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 123.000 euros IVE excluído**.

Para a acreditación deste volume anual de negocios achegaranse as contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volume anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**.

Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución

6.2 A solvencia técnica e profesional deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de **servizos similares ós deste contrato (mantemento e conservación areas xogos infantís)** por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **63.000 euros IVE excluído**.

Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos servizos realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento

Non obstante o exposto e de conformidade co artigo 11 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, na redacción dada por Real Decreto 773/2015 de 28 de agosto, a **documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional poderá substituírse pola correspondente clasificación no grupo e subgrupo que corresponda en función do obxecto do contrato e coa categoría que proceda en función do valor anual medio**.

Neste senso tomarase como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador acreditativos da experiencia e os que constitúen o obxecto deste contrato a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación se o contrato

estivese encadrado nalgún dos subgrupos do Anexo II do RD 1098/2001 ou en caso contrario a igualdade entre os dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV (este contrato pertence á categoría do 77313000-7 Servizo de mantemento de parques ou 77314000-4 Servizo de mantemento de terreos)

Non obstante se coincide os seus dous primeiros díxitos (77) coas actividades descritas no CPV incluídas dentro do **Grupo O subgrupo O-6, categoría 1 (anteriormente A)** polo que debe admitirse a clasificación neste subgrupo para licitar a este contrato ou ben a experiencia en traballos de igual ou similar natureza que comecen os seus dous primeiros díxitos dos respectivos códigos CPV por 77.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibise o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal)

Tendo en conta que os anuncios se prepararán e enviarán por medios electrónicos e que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria, de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o prazo de presentación de proposicións será de **CORENTA (40) DÍAS NATURAIS** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - Documentación administrativa, letra B - Proposta técnica relativa ós criterios de adjudicación non avaliados automaticamente e letra C - Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente.

En tódolos sobres indícase a referencia deste expediente (Ref. expediente 2-2016)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincida en sábado ou festivo prorrogase o seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA . DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES.

O SOBRE A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ao efecto. Para isto, presentarse



orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ao remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres

3.- **Declaración responsable do licitador** (conforme o modelo do **Anexo III** que figura neste prego) outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros. Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

A efectos desta dispensa os licitadores deberán aportar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente. Se o certificado incluíse datos coa súa vixencia caducada ou non fora válida ós efectos desta licitación o licitador poderá presentar o certificado xunto cos documentos que actualicen a dita información.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

7.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP).



En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 59 DA DIRECTIVA 2014/24/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO DE 26 DE FEBREIRO DE 2014 TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A POLO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)

O contido deste DEUC (formulario normalizado) regúlase no REGULAMENTO DE EXECUCIÓN (UE) 2016/7 DA COMISIÓN de 5 de xaneiro de 2016 que se atopa dispoñible na páxina web: <http://www.boe.es/doue/2016/003/L00016-00034.pdf>

7.- Compromiso asinado polo licitador conforme o **modelo do ANEXO IV de adscrición dos medios persoais e materiais** esixidos na cláusula quinta deste prego de cláusulas administrativas particulares.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída dentro do sobre B ou do sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por supoñer unha vulneración dos principios de igualdade de trato e non discriminación.

O SOBRE B - PROPOSTA TÉCNICA RELATIVA ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE –


Conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións presentadas de acordo cos **criterios non valorables automaticamente** que se indican na cláusula décimo segunda deste prego de cláusulas administrativas particulares.

A estes efectos, os licitadores deberán presentar dentro do SOBRE B unha **proposta técnica** no que se indicará o programa de inspección, mantemento, reparación, substitución, pintado e limpeza das áreas de xogo, dos carteis indicativos, do cerramento perimetral das áreas de xogo infantís, do pavimento das áreas de xogo.

No dito programa de actuación indicaranse como mínimo:

a - Organización, programación e planificación dos traballos previstos para o desenvolvemento do servizo.

b. - Descrición clara e detallada das operacións para realizar e frecuencias, así como o tempo máximo de reparación ou de substitución dos elementos avariados ou danados.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

c. - Relación do persoal asignado, a maiores do mínimo esixible, a este servizo, indicando a súa experiencia e categoría profesional.

d. - Relación e descrición detallada dos medios mecánicos, materiais e auxiliares dispoñibles para a realización dos traballos obxecto deste contrato. Indicaranse vehículos, ferramentas, equipos e demais medios que destina para a realización deste servizo,

e.- Estudo das áreas de xogos (Anexo I), reflectindo o estado actual das mesmas e as posibles actuacións ou medidas mais importantes e necesarias a realizar, de cara a súa seguridade, mantemento e conservación.

f. - Outra documentación que considere necesaria ou conveniente

g. - Plan de prevención de riscos laborais da empresa e estudo de seguridade para o desenvolvemento deste contrato.

h. - Pólizas do seguro de responsabilidade civil no exercicio da súa actividade.

i.- Local, nave ou almacén que se utilizará para a correcta execución do servizo que ha de estar dentro do termo municipal de Lugo, e xuntará o documento que acredite a dispoñibilidade do dito local e instalacións (precontrato, opción de compra, contrato de aluguer...) con indicación da súa superficie e ubicación prevista así como unha descrición breve do mesmo,

Esta proposta técnica presentarse no rigoroso orde e suborde de apartados indicados anteriormente desenvolvemento obrigatoriamente de modo individual e separado cada un deses apartados.

Igualmente deberá incluírse no sobre B a **proposta de MELLORAS** anuais ofertadas para as áreas de xogos infantís.

A extensión máxima desta proposta técnica para os apartados a), b), c) e d) será de OITO FOLIOS por ambas caras, os apartados e), f) e g) non teñen limitación de extensión.

Non se avaliarán as ofertas que non cumpran estes requisitos.

O sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que éstos acadarían en base ós criterios do Sobre "C"

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adjudicación por supoñer unha vulneración da igualdade de trato e non discriminación.

O SOBRE C, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE, CONTERÁ o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación **DO SERVIZO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO (expte ref. 2/2016)**



b) Propón como prezo do contrato:

b.1) Oferta un prezo para a primeira anualidade para os **traballos de mantemento e conservación integral de**.....€ polo que sumado o IVE (21%) de euros resulta un total de euros IVE incluído.

b.2) Oferta as seguinte baixa respecto ós prezos unitarios indicados no apartado 4 do prego de prescricións técnicas

-Unha **baixa fixa única** xeralizada sobre tódolos prezos unitarios de%

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- O técnico de parques e xardíns ou funcionario/a que a substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O **acto de apertura do sobre B** celebrárase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o **acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C)**, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa serán os seguintes:

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE. Ata 8 puntos desglosados como segue:

12.1.1.-OFERTA ECONÓMICA PARA OS TRABALLOS DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL : Ata un máximo de 5 puntos.

Obterá 5 puntos a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos aquelas proposicións que non realicen baixa no prezo e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional en función da baixa ofertada.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos.

12.1.2.- OFERTA ECONÓMICA PARA OS TRABALLOS NON INCLUÍDOS NO MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL : Ata un máximo de 3 puntos

A través deste criterio valorarase os prezos ofertados para os traballos non incluídos dentro do orzamento de mantemento e conservación integral sinalados no **apartado 3.4 do prego de condicións técnicas**, os cales facturaránse de conformidade cos prezos unitarios sinalados no apartado 4 do prego de condicións técnicas aos que se lles aplicará as porcentaxes de baixa ofertadas polos licitadores.

Os licitadores deberán presentar unha baixa porcentual fixa e xeralizada para todos os capítulos ou para todos os prezos unitarios.

Valorarase coa máxima puntuación (3 puntos) á oferta que presente a **baixa global máis alta (porcentaxe en %)** -economicamente máis beneficiosa para o Concello-, conforme a seguinte fórmula:

Oferta Licitador (porcentaxe en %)

$$P = \frac{\text{Oferta Licitador (porcentaxe en \%)}}{\text{Oferta baixa global máis alta (porcentaxe en \%)}} \times P_{\text{max.}}$$

Oferta baixa global máis alta (porcentaxe en %)

Onde:

P = puntuación obtida polo ofertante.

Pmax = puntuación máxima 3 puntos.

12.2.- CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE: Ata 7 puntos.

12.2.1.- PLAN DE INSPECCIÓN E MANTENIMENTO: Ata 4 puntos

Valoraranse neste apartado os seguintes aspectos:

- a planificación, programación e organización dos traballos, valorándose a concreción, coherencia e a optimización dos recursos humanos e materiais.
- o método de execución e ordes de traballo, tendo en conta todos aqueles aspectos que incidan directamente nunha mellor prestación do servizo
- a maior frecuencia na realización dos traballos.

- calquera outro que avale e incida no mellor coñecemento e calidade do servizo a prestar.

Terase en conta especialmente a adecuación do plan de inspección e mantemento presentado á realidade das áreas de xogos incluídas no contrato.

12.2.2. MELLORAS ANUAIS PROPOSTAS NAS ÁREAS DE XOGOS INCLUÍDAS NO CONTRATO (3 PUNTOS)

Valoraranse neste apartado as melloras ofertadas polas empresas licitadoras a realizar para cada ano do contrato nas áreas de xogos incluídas no contrato, incidindo especialmente nas mais importantes e necesarias tendo en conta o estado actual das mesmas.

Todas as melloras teñen que ofertarse para cada ano de contrato (incluídas as prórrogas) e deberán estar descritas e xustificadas tecnicamente e avaliadas economicamente para que poidan ser tidas en conta, así como tamén, deben ter unha presentación adecuada, viable e coherente cos cálculos económicos delas e cunha valoración económica individual de cada mellora e cunha valoración económica global anual. As melloras que non veñan avaliadas economicamente e xustificadas o seu custo non serán valoradas e obterán 0 puntos, reservándose o Concello a revisión da avaliación proposta.

Non obstante o Concello durante a execución do contrato poderá aceptalas ou non e cambialas total ou parcialmente por outras, respectando neste caso unicamente os importes económicos das melloras que se cambien, para logo o Concello distribuílas segundo o seu criterio, aplicando os prezos unitarios do prego resultantes da baixa que o adxudicatario ofertase.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

O órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e no prazo de dez días hábiles e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A por ter presentado o DEUC, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar:

1º.- A disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato e, particular deberá achegar:

- Compromiso de dispoñibilidade para a execución do contrato asinado polos traballadores que a empresa se comprometeu a adscribir a este contrato.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

- Curriculum Vitae dos traballadores que permitan acreditar as titulacións, experiencia e coñecementos esixidos nos pregos de condicións técnicas

2º.- **A disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato.** Para isto deberá xuntar a correspondente ficha técnica ou documento descritivo dos equipos e dos vehículos que permitan comprobar a súa idoneidade e o documento que acredite a propiedade, aluguer ou cesión do uso do local adscrito a este contrato cunha descrición da instalación que asegure o cumprimento das condicións técnicas esixidas.

De non cumprimentarse axeitadamente estes requirimentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas. O órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adjudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adjudicación ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adjudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adjudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adjudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as



instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Técnico competente do servizo de parques e xardíns), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

De conformidade co **artigo 106 terá a consideración de modificación prevista no contrato** o incremento ou diminución das áreas de xogo de conformidade co establecido no apartado 6 do prego de condicións técnicas. O importe máximo que poderá destinarse a estas modificacións ascende a 10.000 euros anuais IVE incluído o que supón unha porcentaxe do 10 % do prezo de licitación.

Os efectos de establecer o prezo exacto aplicarase o establecido no apartado 6 do prego de condicións técnicas.

Para levar a cabo a modificación do contrato cando se produzan as circunstancias previstas nesta cláusula bastará o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado previa audiencia do contratista e fiscalización de la Intervención.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado,



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate, e sempre que sexa requirida, a seguinte documentación

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación cando sexa requirida con carácter previo, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente,

xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, **previamente á formalización do contrato administrativo**, a póliza do seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo e de danos a terceiros con un límite de indemnización mínimo de 1.000.000 euros.

Xunto coa póliza achegarase xustificante do pagamento da prima correspondente. Estas pólizas deberán estar vixentes durante todo a duración do contrato debendo acreditarse anualmente ante o responsable do contrato a vixencia das ditas pólizas e o pagamento da prima.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades distinta que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PENALIDADES

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das obrigas contractuais esenciais.

O incumprimento das obrigas establecidas na cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave; neste caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

O órgano de contratación poderá impoñer penalidades ó contratista polo incumprimento das condicións técnicas establecidas nos pregos técnico e incumprimento da planificación e organización ofertada, así como polo incumprimento do compromiso de adscrición de medios persoais cos requisitos esixidos, sempre que esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público.

Poderanse impoñer asimesmo penalidades pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave; neste caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos. As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

VIXÉSIMA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato, o concelleiro delegado da área á que corresponda a unidade xestora.

En tanto non se modifique a normativa reguladora desta materia, se as facturas son de importe inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó Excmo. Concello de Lugo. Se a factura é de importe igual ou superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Órgano xestor: LA0005488. Desenvolvemento Sostible e Persoal

Unidade Tramitadora: LA0005572. Parques e Xardíns

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas neste prego de cláusulas administrativas e no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento de calquera das condicións ofertadas polo contratista na súa oferta.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais**, dando lugar o seu incumprimento á resolución do contrato, as sinaladas na cláusula décimo sétima deste prego.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP poderase interpoñer **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo de Lugo.

A interposición deste recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto no artigo 44 do TRLCSP e presentarse no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 44.2.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:	
ENDEREZO:	

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de Constitución.

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

24



DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1.
- 2.
- 3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En de de de 2016
Asdo.:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO** declaro baixo a miña **responsabilidade:**

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



CSV: UxHlq3HVPK m8KF5jSTFnYQ==
SINATURAS
MÉNDEZ LÓPEZ LARA - ALCALDESA - CONCELLO DE LUGO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 25 / 44
DATAS(UTC)
13/05/2016 13:29:59
13/05/2016 13:29:58

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO** comprométome a adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais esixidos no apartado 16 do prego de condicións técnicas e na cláusula quinta do prego de cláusulas administrativas

En a de de 2016
Asdo.:"

B) "PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS E CIRCUÍTS BIOSALUDABLES EXISTENTES NOS

PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO

1. - OBXECTO

O obxecto deste prego é definir as operacións necesarias para o mantemento, conservación, substitución e reparación integral (materiais e man de obra incluídos) de todos e cada un dos elementos dos xogos que compoñen as áreas de xogos infantís municipais instalados **-Anexo I-**, ou por instalar nos parques, xardíns, e nas zonas verdes públicas da cidade de Lugo, así como o mantemento das superficies de céspede artificial, solos, areeiros e pavimentos continuos de seguridade ou non das devanditas áreas, tamén se inclúe o mantemento, a conservación e a reparación dos cerramentos perimetrais das devanditas áreas e dos carteis indicativos.

2. - ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN LOXÍSTICA


O mantemento e conservación é fundamental para garantir a seguridade dos usuarios, máxime canto estes son nenos. Como consecuencia disto, o adjudicatario do mantemento e conservación ha de cumprir obrigatoriamente, como mínimo, as directivas ou normas recollidas ao respecto nas norma UNE-EN - 1176, UNE-EN-1177, Decreto 245/2003, do 24 de abril de 2003, da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e calquera outra lexislación que puidese entrar en vigor despois da adjudicación deste concurso.

3.- DESCRICIÓN DOS TRABALLOS E OPERACIÓNS PARA REALIZAR DENTRO DESTE CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL, SEN CUSTO ADICIONAL PARA O CONCELLO:

3.0.-O adjudicatario, antes de finalizar o primeiro cuatrimestre a contar dende a formalización, ten a obriga de presentar ao Servizo de Parques e Xardíns un **inventario** completo e integral de todas e cada unha das áreas de xogos infantís, isto comprende o levantamento dun plano a escala de todas e cada unha das zonas ou áreas de xogos no que figuren todos os xogos e todos os seus elementos constituíntes: bancos, papeleiras, farolas, árbores, así como as superficies e clase de pavimentos, metros lineais e clase de peches, éste Inventario entregárase ao Servizo de Parques e Xardíns en soporte papel e soporte informático, e no programa que éste indique ao adjudicatario. O adjudicatario ten que actualizar o Inventario de forma continua, durante a vixencia do contrato de mantemento.

3.1. - INSPECCIÓN

Realízase unha inspección ocular e visual para proceder a reparar todos os parafusos, cadeas, asentos, redes, cordas, baldas, escaleiras, rampas, barras, elementos de unión, partes móbiles, etc., areeiros, pavimentos de seguridade, valos de cerramento, carteis informativos, etc., todo iso, como mínimo, unha vez por semana, e unha inspección funcional máis específica e profunda cá ocular. Débese



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

comprobar o funcionamento e a estabilidade dos xogos, e en particular detectar roturas, anomalías, danos, avarías, posibles mostras de desgaste excesivo de partes móbiles ou fixas, como mínimo, unha vez por semana, e unha inspección anual que se realizará coa finalidade de establecer o nivel total de seguridade do equipo, as ancoraxes, cimentacións e superficies de caída. Esta inspección requirirá en caso necesario escavar ou desmontar total ou parcialmente os elementos do equipo para a súa comprobación, e deberá facerse seguindo as instrucións do fabricante.

Se durante a inspección se descubrisen defectos que puidesen poñer en perigo a seguridade, estes deberán ser corrixidos de inmediato, e se isto non fose posible, procederase á súa retirada ou clausura.

Cando unha peza do equipo deba ser reparada ou substituída e iso implique a súa desmontaxe, os elementos, ancoraxes ou alicerces que queden soltos deberán ser igualmente retirados ou garantir a inaccesibilidade á instalación por parte dos usuarios.

Será obriga do adxudicatario fixar e establecer os medios mínimos e itinerarios de inspección, de forma que quede perfectamente asegurada a frecuencia de paso, acompañando á oferta descrición detallada deste estudo, sendo declaradas non válidas as ofertas que carezan deste requisito.

Se por algún motivo as frecuencias reais de inspección non son as previstas, o adxudicatario estará obrigado, e ao seu cargo, a realizar as actuacións precisas para lograr os obxectivos previstos, sempre con coñecemento e aprobación do Servizo Técnico de Parques e Xardíns, a partir deste momento STPX.

3.2.- MANTEMENTO, REPARACIÓN E SUBSTITUCIÓN DOS ELEMENTOS E DOS XOGOS INFANTÍS

3.2.0.- O obxectivo que se persegue é a reparación dos xogos coa achega das pezas ou elementos necesarios para que estean sempre ao cen por cento do seu funcionamento.

Aplicarase a calquera avaría, deficiencia, dano ou material en mal estado - enténdese como tal todo aquel material, peza, resortes, cadeas, pasadores, parafusos, táboas, barrotos, asentos dos distintos xogos, cordas, baldas, escaleiras, ramplas, barras, elementos de unión, elementos de protección, partes móbiles, varandas, paneis, redes, etc., tamén se inclúe neste contrato a man de obra, o transporte, os xogos ou elementos, así como a instalación e substitución dos xogos completos, elementos completos, ou subelementos completos constituíntes dos xogos matrices ou principais. Os elementos ou xogos que se atopen deteriorados por uso inadecuado, vandalismo, roubo ou incendio que xurda nos xogos infantís repararanse sexa cal sexa a causa, e substituirase calquera elemento, xogo ou peza irreparable por outros das mesmas características cás anteriores, as pezas ou elementos han de ser orixinais e orixinarios do industrial subministrador xenérico, ou do fabricante dos xogos ou equipos.

Todo licitador ao contrato aceptará *a priori* e sen reservas ao fabricante ou fabricantes os tipos e modelos de todos os elementos compoñentes das

instalacións existentes na actualidade, os cales non poderán substituírse por outros distintos aos orixinais.

3.2.1.-CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS MATERIAIS PARA EMPREGAR NOS XOGOS INFANTÍS

- A selección de materiais e o seu uso deberán estar en concordancia coas normas europeas específicas para cada un deles.
- Prestarase unha atención especial ás riscos de toxicidade potencial dos revestimentos protectores das superficies.
- Os materiais seleccionaranse e protexerán de tal forma que a integridade do equipo que foi fabricado con tales materiais non se vexa afectada antes da próxima inspección relevante de mantemento.
- Na elección dos materiais ou substancias para a reparación de equipos, deberá terse en consideración a súa futura reciclaxe.
- Para evitar o risco de incendio e perigos asociados, non se utilizarán materiais que produzan superficies inflamables.
- En caso de substitución dunha peza ou unha parte dun xogo, repórase a peza orixinal, e, en caso de non ser posible, os materiais, o deseño e a fabricación dos elementos dos equipos para empregar seguirán sempre as disposicións específicas ditadas na normativa europea en canto a:

- madeira e produtos asociados
- metais
- sintéticos
- substancias perigosas
- integridade estrutural
- accesibilidade para adultos
- protección contra a caída: pasamáns, varandas, barreiras...
- rematado do equipo
- partes móbiles
- cordas de bambáns
- cordas de escalada
- cordas de arame e o seu revestimento
- cordas de fibra
- cadeas
- cimentación
- conexións, unións
- compoñentes consumibles: chumaceiras...
- alicerces
- protección contra o atrapamento de roupa, corpo, pés, pernas, dedos, cabeza e colo
- medios de acceso: escaleiras, escadas, ramplas...
- determinación das zonas: espazo mínimo, dimensións do espazo libre e de caída, altura libre de caída e
- dispositivos de seguridade.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

No caso de avaría ou que a situación do elemento ou peza sexa tal que implique risco ou perigosidade, o adxudicatario procederá, coa máxima urxencia á realización daquelas actuacións tendentes a eliminar o risco ou perigo, destes feitos darase conta inmediata ao STPX.

Unha vez detectada a avaría, deficiencia ou dano, o adxudicatario procederá de inmediato á súa reparación, e sinalizarase debidamente de forma inmediata o xogo ou os elementos deteriorados, e impedirase obviamente o acceso e uso destes ata que se emende a deficiencia, e nas actuacións de máis de 2 horas, o adxudicatario colocará obrigatoriamente un cartel informativo cunha breve descrición dos traballos e a duración estimada destes.

En caso necesario, procederase ao valado e precintado do xogo en mal estado ou, en caso necesario, a retiralo inmediatamente de forma temporal, e posteriormente proceder unha vez reparado á súa recolocación ou instalación ou ben retiralo de forma definitiva, tendo un prazo total para a reparación ou substitución de corenta e oito horas.

En caso necesario e por orde do STPX, procederase a desinstalar, trasladar e instalar novos elementos ou xogos existentes incluído os xogos biosaludables, dunhas zonas a outras correndo a cargo do adxudicatario a man de obra necesaria para iso (desmontaxe, transporte, montaxe e instalación) e sen cargo para o Concello.

Os areeiros, pavimentos de seguridade, céspede artificial, carteis informativos ou indicativos, e os cerramentos perimetrais existentes nas áreas de xogos infantís manteranse en perfecto estado de conservación, co obxecto de que cumpran coa súa función específica.

3.3.- LIMPEZA PERIÓDICA DAS ÁREAS DE XOGOS

Aínda que o obxecto deste prego non é a limpeza das áreas de xogo que entraría noutro contrato, na inspección visual, deberán obrigatoriamente retirarse todos os elementos perigosos, nocivos ou insalubres que se poidan depositar nas áreas de xogo como cristais, obxectos punzantes..., e todo elemento que poida ofrecer perigo, nocividade ou insalubridade aos usuarios, así como a eliminación de pintadas ou graffitis.

Establécese unha periodicidade mínima dunha vez por semana. Non obstante, a devandita área ha de permanecer perfectamente limpa e libre de obxectos ou de residuos.

3.4.- REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DAS SUPERFICIES, SOLOS E PAVIMENTOS DE SEGURIDADE

Consiste na reparación do céspede artificial, os pavimentos continuos de seguridade, superficies e solos das áreas dos xogos infantís para evitar que se deteriorasen, desgastasen ou desolarizasen. Os ditos pavimentos han de permanecer en bo estado de conservación co obxecto de que cumpran coas condicións legais de seguridade esixibles.

As pequenas superficies a reparar, conservar e acondicionar de solos, pavimentos de seguridade ou non, e céspede artificial, existentes en cada unha das áreas de xogos (**Anexo I**) e que teñan en sí e individualmente e para cada unha de ditas áreas de xogos, unha superficie no caso dos Pavimentos Continuos de Seguridade de 3 m². ou de menos de 3 m²., entran dentro do orzamento do canon do mantemento e conservación integral. As áreas que superen os ditos 3 m²., facturaranse a parte con arreglo aos Prezos Unitarios adxudicados no contrato de mantemento é con arreglo a os metros cadrados que superen os 3 m²., ditos.

No caso do pavimento con céspede artificial antielectrostático a superficie que entra dentro do orzamento do canon do mantemento e conservación integral e de 6 m²., ou de menos de 6 m²., As áreas que superen os ditos 6 m²., facturaranse a parte con arreglo aos Prezos Unitarios adxudicados no contrato de mantemento é con arreglo a os metros cadrados que superen os 6 m²., ditos.

3.5.- MANTEMENTO, REPARACIÓN E PINTADO DOS PANEIS/CARTEIS INDICATIVOS E DE INFORMACIÓN

Todos os carteis indicativos, informativos das áreas dos xogos infantís, han de permanecer en bo estado de conservación, tanto no relativo á súa lenda, pintura, elementos de sustentación, de ancoraxe e explicación, co obxecto de que cumpran co fin para o que se instaláron.


considerase comprendido dentro do presuposto deste contrato de mantemento, sen custo adicional para o Concello obviamente o mantemento, reparación e pintado ou repintado dos paneis/carteis indicativos e de información das áreas de xogos que constan no **Anexo I**, a pintura para empregar será adecuada e homologada tanto no referente ao seu uso como na súa aplicación e utilización (en evitación de posibles intoxicacións a terceiros).

3.6.- REPARACIÓN E PINTADO DOS PECHES PERIMETRAIS DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS

Consiste na reparación e, se é o caso, a substitución dos elementos que constitúen o peche en caso de rotura, desprendemento, desgaste ou que se atopen en mal estado de conservación, tamén se considera comprendido dentro do presuposto deste contrato de mantemento, sen custo adicional para o Concello o pintado ou repintado dos peches perimetrais que constan no **Anexo I**, a pintura para empregar será adecuada e homologada tanto no referente ao seu uso como na súa aplicación e utilización (en evitación de posibles intoxicacións a terceiros).

O peches ou cerres de madeira das áreas de xogos a reparar, conservar e acondicionar que teñan táboas, postes, traveseiros, pasamáns, cazoletas ou elementos de madeira soltos, ou en mal estado de conservación, existentes en cada unha das áreas de xogos., entran dentro do orzamento do canon do mantemento e conservación integral. No resto cos casos (módulos ou tramos completos) facturaranse a parte con arreglo os Prezos Unitarios adxudicados no contrato de mantemento.

3.7.- PINTADO DOS ELEMENTOS DOS XOGOS INFANTÍS



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

Consiste nunha acción inmediata a calquera dano ou falta de pintura en calquera área de xogo, non se fixa frecuencia de rotación, pero os xogos deberán estar en todo momento correctamente pintados, segundo os modelos orixinais ou as preferencias ordenadas polo STPX. Utilizarase pintura e verniz orixinal en cada tipo de área. Para a realización destes traballos, sinalizarase debidamente a área. Considerase comprendido dentro do presuposto deste contrato de mantemento, sen custo adicional para o Concello o pintado ou repintado dos elementos dos xogos infantís que constan no **Anexo I**, a pintura para empregar será adecuada e homologada tanto no referente ao seu uso como na súa aplicación e utilización (en evitación de posibles intoxicacións a terceiros).

3.8.- REPARACIÓNS DE URXENCIA

As reparacións urxentes divídense en perigosas e non perigosas, no primeiro caso procederase de forma e xeito inmediato a realizar a reparación do xogo e nas non perigosas realizarase a reparación nun prazo máximo de 24 horas.

No caso de que non sexa posible cumprir co devandito prazo, procederase a illar a zona mediante valo de cerramento e colocar carteis informativos cunha breve descrición dos traballos e a duración estimada destes.

Procederase a darlle conta de todo iso ao Concello.

4.- DANOS POR ACTOS VANDÁLICOS E OUTROS.

4.1.-Os danos ou desperfectos sufridos nas áreas de xogos infantís por actos vandálicos, roubo ou incendio o Concello aboalle ao Adxudicatario **o 50% do seu custo, asumindo o Adxudicatario o 50%** restante, ditos danos facturarase a parte do prezo anual de mantemento, sendo de todas as maneiras a man de obra de montaxe, o transporte, desmontaxe e instalación sempre por conta do adxudicatario.

4.2.-No relativo a os xogos e aos elementos ou subelementos completos que, tendo un mantemento adecuado, haxa que substituír por estar en mal estado ou ofrezan perigo o Concello aboalle ao Adxudicatario **o 80% do seu custo, asumindo o Adxudicatario o 20%** restante, ditos xogos ou elementos completos ou subelementos facturarase a parte do prezo anual de mantemento, sendo de todas as maneiras a man de obra de montaxe, o transporte, desmontaxe e instalación sempre por conta do adxudicatario.

Entendese por "custo" o prezo dos fabricantes dos distintos xogos na súa lista de prezos.

Os elementos han de ser orixinais e do industrial subministrador xenérico, ou do fabricante dos xogos ou equipos.

4.3.-En canto ao acondicionamento ou reparación dos pavimentos de seguridade ou non, losetas e materiais amortiguantes, céspedes artificiais, valos perimetrais das áreas de xogos infantís, carteis completos, etc. non incluídos no orzamento do canon do presente mantemento e conservación integral, facturarase a aparte de acordo cos seguintes prezos unitarios:



- 1.-M2 de solera de formigón armado de 12 cms.,de espesor, incluída excavación, regularización do firme e compactación, instalación e o IVE.....40 €/m2.
 - 2.-M2 de céspede artificial de mas de 2,5 cms. de espesor, antielectrostático, incluída a súa instalación e o IVE.....34 €/m2.
 - 3.-M2 de pavimento de losetas amortiguadoras de goma con retículas de 3 cms.,de espesor,tipo softflex de polietileno para poñer no terreo e baixo o céspede artificial incluída a súa instalación e o IVE.....29 €/m2.
 - 4.-M2 de pavimento de losetas amortiguadoras de goma con retículas de 4 cms.,de espesor,tipo softflex de polietileno para poñer no terreo e baixo o céspede artificial incluída a súa instalación e o IVE.....40 €/m2.
 - 5.-M2.de planchas amortiguantes de polietileno de 4/5 cms., incluída a súa instalación e o IVE.....43 €/m2.
 - 6.-M2 de geotextil antihierba incluída a súa instalación e o IVE1,50 €/m2.
 - 7.-M2 de pavimento continuo de seguridade dun espesor de 4 cms., incluída a súa instalación e o IVE.....73 €/m2.
 - 8.-M2 de pavimento continuo de seguridade dun espesor de 6 cms., incluída a súa instalación e o IVE.....79 €/m2.
 - 9.-M2 de pavimento continuo de seguridade dun espesor de 8 cms., incluída a súa instalación e o IVE.....85 €/m2.
 - 10.-M.L. de bordillo prefabricado de hormigón, incluída a súa instalación e o IVE ..24 €/m2.
 - 11.-M.L. perimetral de bordillo de madeira para remate de céspede, incluída a súa instalación e o IVE.....20 €/m.l.
 - 12.-Ud de cartel como os xa existentes incluída a súa instalación e o IVE.....650 €/ud.
 - 13.-M3 de aréa apta é seleccionada para áreas de xogos, incluído subministración, transporte e extendido e o IVE..... 9 €/m3.
 - 14.-M.L. de peche de madeira tratada nas áreas de xogos(como os xa existentes) incluída a súa instalación e o IVE.....68 €/m.l.
 - 15.-M.L. de peche metálico en varios cores nas áreas de xogos(como os xa existentes) incluída a súa instalación e o IVE.....100 €/m.l.
 - 16.-Ud.,de Certificación Completa para unha Áreas de Xogo infantís (xogos,pavimento etc..) Incluído o IVE300 €/ud.
- 4.4.- En todo o relativo á substitución de calquera tipo de peza, elementos constituíntes de parte dos xogos entre outros tales como pasamáns, varandas, tellaos, muelles, proteccións de seguridade táboas dos cerres de madeira das áreas de xogos, anclaxes, cimentacións de xogos, cordas, cordas de alambre o seu revestimento, cordas de fibra, cadeas, asentos, pasadores, conexións, unións, compoñentes consumibles, coxinetes, rodamentos, escaleiras, rampas, vigas de pórticos de columpios, e todo aquel material necesario para a reparación ou mantemento normal, todo o **cal sí** entra dentro do orzamento do canon do presente mantemento e conservación integral .



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

5.- TRASLADOS E ELIMINACIÓN DE XOGOS INFANTÍS, INCLUIDOS OS BIOSALUDABLES

O adxudicatario obrígase a realizar sen custo ningún para o Concello, todos aqueles traslados, desprazamentos e eliminación de xogos infantís incluídos os biosaludables que lle sexan indicados polo Servizo de Parques e Xardíns.

Inclúense nesta alínea e sen custo para o Concello as seguintes operacións:

Traslados.- Comprende a desinstalación, desmontaxe, carga, transporte, montaxe e nova instalación e todos os labores ou traballos que levan consigo trasladar un ou varios xogos infantís existentes nunha zona ou área para instalalos ben noutra zona ou área de xogos (nova creación) ou ben na mesma área ou zona de xogos (remodelación).

Eliminación de xogos infantís.- Comprende a desinstalación, desmontaxe, carga, transporte de todos aqueles xogos infantís que o concello decida eliminar.

6.- VARIACIÓN DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS. MODIFICACIÓN DO CONTRATO POR INCORPORACIÓN OU SUPRESIÓN DE ÁREAS DE XOGO

O adxudicatario obrígase a admitir e incluír para o seu mantemento e conservación as áreas de xogos infantís de nova creación que, con motivo de obra nova, ampliacións, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo e incorporacións de áreas actualmente dentro doutros contratos de mantemento, que incrementen as áreas de xogos infantís iniciais que figuran no **Anexo 1**, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, quedando o Concello facultado para a xestión directa das novas áreas ou para incluílas no obxecto deste contrato. O incremento non poderá superar o 10% das áreas incluídas no contrato inicial.

As ampliacións ou diminucións das áreas de xogos que existisen durante o ano precedente, con efectos exclusivos dende o 1 de xaneiro do ano seguinte ao que se producira o incremento ou diminución serán obxecto de valoración e aboamento independentes, traducíndose nun aumento ou diminución do canon inicial.

A devandita valoración será en función das características da área que se creara (aumento) ou se suprimise (diminución), o cal en función do tamaño, número e elementos de xogo con que conta, se agrupará en tres categorías que a continuación se describen:

- CATEGORÍA ALTA (A): área composta por oito ou máis de oito xogos ou elementos de xogo, ambos os dous inclusive.

Estímase que para o mantemento deste tipo de área é necesario un presuposto con i.v.a. de 1.200 euros/área/ano .

- CATEGORÍA MEDIA (M): área composta por máis de catro e menos de oito xogos ou elementos, ambos os dous inclusive.

Estímase que para o mantemento deste tipo de área é necesario un presuposto con i.v.a. de 900 euros/área/ano.

- CATEGORÍA BAIXA (B): área composta por catro ou menos de catro xogos ou elementos de xogo, ambos os dous inclusive.

Estímase que para o mantemento deste tipo de área é necesario un presuposto con i.v.a. de 400 euros/área/ano.

Sobre estes prezos aplicarase a porcentaxe de baixa que ofrecese a empresa contratista sobre o prezo de licitación que será o que efectivamente se aboe ou se deduza en función das distintas categorías de áreas de xogo que se incrementen ou se supriman do contrato.

7. - PERSOAL E MATERIAL ADSCRITOS AO CONTRATO

O adxudicatario achegará o persoal necesario para a boa execución das prestacións de referencia, que haberá de ter e reunir as condicións de profesionalidade, preparación, aptitude e práctica necesarias para a boa execución dos traballos de mantemento e conservación requiridos, podendo ser substituído por outro en caso de que isto non se cumpra a xuízo do STPX.

Se a criterio do STPX os recursos empregados non son suficientes, poderase requirirlle ao adxudicatario que realice as actuacións precisas para acadar os resultados previstos.

O adxudicatario será responsable dos danos e perdas que o persoal que empregue no contrato cause nos xogos infantís.

O adxudicatario formulará declaración detallada de toda a maquinaria, ferramentas, utensilios e medios de transporte que dedicará aos traballos obxecto deste contrato, e que porá a disposición dos traballos convidados

8. - INSTALACIÓNS PARA ALMACÉN

A empresa adxudicataria disporá á súa custa dos seus propios locais, que obrigatoriamente terán que ser suficientes, necesarios e precisos para o uso de todo o persoal, e para materiais, maquinaria, ferramentas, etc. Os ditos locais terán carácter de dedicación exclusiva para a prestación do servizo.


O prazo máximo da posta en servizo das novas instalacións que se incluírán na oferta de concurso non superasen QUINCE DÍAS a partir da acta de inicio da prestación do servizo.

As novas instalacións que acheguen os adxudicatarios deberán estar definidas por planos e memoria na oferta que se presente.

Os gastos de equipamento (enerxía eléctrica, auga, impostos, etc.), así como de forma xeral todos aqueles derivados da explotación e mantemento das instalacións, serán por conta do adxudicatario.

É obriga do adxudicatario conservar a totalidade dos elementos que compoñen a instalación e, como mínimo, requirense, entre outras, as seguintes operacións:

- Limpeza diaria do local.
- Desinfección semanal daqueles locais que o precisen.
- Pintar unha vez ao ano a totalidade da edificación.
- Reposición inmediata das deterioracións que sufra calquera elemento do local ou locais.
- Adaptación á normativa aplicable en cada momento a este tipo de instalacións.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

O adxudicatario comprométese, durante a duración do contrato e as súas posibles prórrogas, a dispoñer das instalacións precisas para atender todas as necesidades do servizo a prestar que poidan ser obxecto ou non de ampliación.

Os licitantes indicarán nas súas ofertas mediante precontrato, opción de compra, etc., a situación e extensión do almacén necesario para o bo funcionamento do servizo contratado. O servizo técnico competente revisarao antes e despois da adxudicación cantas veces o considere necesario, indicando en todo momento as variacións ou adaptacións ás necesidades do servizo contratado e dando a súa conformidade ou non segundo sexa procedente.

Os licitadores deberán comprometerse a dispoñer deles nun prazo non superior a 30 días despois da formalización do contrato.

O licitador incluírá nas súas ofertas unha proposta dos locais descentralizados que consideren necesarios para unha boa organización dos seus equipos.

9.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Deberá comunicárselle inmediatamente ao Concello calquera anomalía ou circunstancia que afecte á realización normal dos traballos obxecto deste contrato.

O adxudicatario deberá cumprir a lexislación vixente en materia de seguridade e saúde laboral, en especial a Ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo, a Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e o Regulamento que a desenvolve, Real decreto 39/1997 e toda aquela normativa legal en materia de seguridade e saúde lle sexa de aplicación.

O adxudicatario está obrigado a dispoñer do necesario e preciso para a boa marcha dos traballos de mantemento e conservación obxecto deste contrato, sen separarse do seu espírito e recta interpretación do STPX.

O adxudicatario estará obrigado a facilitar os datos que, con fins estatísticos e de control económico e outros que considere necesario o STPX, para a boa marcha do servizo para prestar.

Para tal efecto, o adxudicatario comprométese a elaborar semanalmente os comunicados de traballo das operacións realizadas, indicando tanto o consumo de material como dos recursos empregados tanto materiais como humanos.

De forma mensual elaborará un resumo onde queden reflectidos todos os comunicados semanais.

Enviar diariamente ao STPX unha comunicación de todas as anomalías observadas e os traballos de mantemento, conservación e reparación efectuados, cunha demora máxima de 24 horas. Neste parte de incidencias indicárase como mínimo:

- Identificación de cada área en que se interviñera.
- Descrición dos traballos realizados (inspección, reparación, substitución, limpeza, etc.) ou da avaría ou anomalía observada.
- Data e hora do aviso da avaría, intervención e posta de novo en servizo.
- Procedencia do aviso (STPX, Policía municipal, etc.).
- Relación de elementos afectados, reparados, substituídos ou de mantemento periódico.

O adxudicatario entregará cada seis meses unha relación actualizada de todas as áreas ou parques infantís con descrición e indicación dos elementos que compoñen cada un deles, acompañada de documentación gráfica e fotográfica.

O adxudicatario está obrigado a denunciar os danos que observe nos xardíns e arboredo do ámbito dos xogos infantís, e a darlle coñecemento ao STPX de cantas obras e traballos realicen nel e que afecten á zona convidada.

O adxudicatario é responsable do exacto cumprimento da totalidade dos traballos convidados, e, en consecuencia, non lle servirá de escusa as faltas ou desidias cometidas polos subministradores ou traballadores que efectúen as subministracións e traballos.

O adxudicatario adoptará todas as precaucións necesarias para evitar accidentes, danos e perdas a terceiros de toda orde, sendo responsable destes.

Todas as reparacións, substitucións, revisións e gastos serán de conta e risco do adxudicatario, quen se responsabiliza de calquera deterioración, xa sexa parcial ou total, ou a súa eventual substitución, a fin de que, durante o período contractual, o Concello poida ter asegurado e garantido o uso e goce de todas as áreas de xogos, sen agravamento de risco para os usuarios, por deficiencia de funcionamento ou de mantemento.

Todos os materiais ou elementos para instalar ou para substituír en áreas de xogos serán orixinarios do industrial subministrador e fabricante e debidamente homologados.


Dispoñer no seu almacén de existencias de repostos de todo o material instalado nos parques que sexan de uso habitual para reparacións frecuentes. Isto poderá ser comprobado en calquera momento polo STPX.

Os medios humanos, materiais, medios auxiliares e vehículos asignados á execución dos traballos obxecto deste contrato asegurarán en todo momento a súa prestación, con marxe suficiente para levar a termo puntualmente o programa de mantemento e solucionar os imprevistos que puidesen producirse.

Os medios sinalados anteriormente serán os mínimos que o adxudicatario deberá dispoñer para a execución dos traballos. Non obstante, se iso fose necesario, o adxudicatario deberá aumentar ou completar os devanditos medios para garantir totalmente a seguridade e o estado de limpeza das áreas de xogo, pavimentos, céspedes artificiais, cerramentos perimetrais e carteis indicativos, e en xeral a correcta prestación dos servizos en todos os aspectos obxecto do contrato, sen que iso supoña un aumento do importe de adxudicación.

10.- RESPONSABILIDADE EN CASO DE ACCIDENTES

O adxudicatario será o **único responsable** de todos os accidentes, danos, prexuízos e infraccións que puidesen acontecer ou cometerse nas áreas de xogos infantís tanto aos usuarios coma a terceiros, debido a que non se aplicaron as correctas medidas de seguridade e/ou por omisión destas e/ou por non realizar con anterioridade operacións de mantemento e reparación necesarias e/ou por unha mala execución dos traballos obxecto deste contrato, ou dun mantemento defectuoso, aínda sen a notificación do Concello.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

A empresa intervirá directamente, sen necesidade dos técnicos municipais, naquelas operacións de inspección e de reparación, pois é a súa obriga a detección de todos os danos, roturas, avarías ou calquera outra circunstancia que se orixine na área de xogo e que poida supoñer dano, prexuízo, risco ou desmerecemento nas áreas de xogo, pois é obriga do adxudicatario mediante as inspeccións necesarias de detectar calquera irregularidade, avaría, rotura, frouxidade, etc., que se produza nas áreas de xogos infantís. Para garantir os posibles danos ou perdas que poidan producirse, o adxudicatario obrigatoriamente disporá dunha póliza de seguro de **responsabilidade civil** e danos a terceiros en contía mínima de 1.000.000 €, por unha duración que cubra o período de vixencia do contrato, debendo entregarlle ao Concello copia compulsada das pólizas de seguros ao facerse cargo da contrata.

Estímase o valor dos bens asegurados (áreas de xogos infantís cos seus xogos, solos ou pavimentos, valos carteis, etc., na cantidade de 1.000.000 €.

11.- CONTROL DOS TRABALLOS

Os servizos contratados estarán sometidos permanentemente á inspección e vixilancia do STPX, quen poderá realizar as revisións que estime oportunas, en calquera momento e lugar.

O Concello poderá ditar, en función da inspección realizada, ordes e instrucións concretas, que serán de obrigado cumprimento para o adxudicatario.

12.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DOS TRABALLOS

Para a dirección de todos os traballos obxecto deste contrato, o adxudicatario terá á fronte deles un técnico ou encargado especializado, quen recibirá ordes oportunas do STPX.

O adxudicatario estará obrigado a cumprir cantas disposicións referentes á clase, orde, maneira e tempo de execución dos traballos poidan ser comunicados polo STPX.

13.- PLAN DE RISCOS LABORAIS

O concursante deberá elaborar e presentar coa súa proposta a avaliación de riscos de todas as actividades que de acordo con esta vaia realizar, así como o correspondente Plan de seguridade e saúde. Ao propio tempo redactará un documento informativo para os traballadores, no que describa os riscos a que están expostos, e as medidas preventivas que deben de levar a cabo para reducilos ou eliminalos.

Por outra parte, acreditarase a existencia de técnicos expertos e competentes en prevención de riscos laborais na empresa, para cando a situación o requira.

14.- PROTECCIÓN E SINIALIZACIÓN E INFORMACIÓN DOS TRABALLOS.

Considéranse de especial importancia as condicións de seguridade para adoptar durante a realización dos traballos, que permitan garantir ao máximo a eliminación de riscos para usuarios, así como dos propios traballadores.

A zona de traballo deberá acoutarse debidamente mediante valado ou fitas sinalizadoras, etc., e sinalizarse axeitada e regulamentariamente.

15.- ELIMINACIÓN DE RESIDUOS.

Os residuos resultantes da realización dos traballos de instalación, reparación, acondicionamento ou outros, así como embalaxes, envases baleiros, etc., serán retirados de forma inmediata polo adxudicatario, sen que se permita a súa permanencia no lugar das obras. En ningún caso se permite a permanencia de residuos as fins de semana, domingos ou días festivos.


16. - PERSOAL E MEDIOS.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún suposto poderá considerarse con relación laboral, contractual ou de natureza laboral ningunha respecto ao Concello de Lugo, debendo a devandita empresa ter debidamente informado ao seu persoal do devandito aspecto, facendo constar nos seus contratos ou do persoal que realice con posterioridade á adxudicación expresamente esta circunstancia. **A empresa contratista contará con traballadores en número, dedicación horaria e experiencia que estime necesario para a adecuada prestación do servizo. No obstante os licitadores deberán presentar o compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente como mínimo os medios que a continuación se sinala:**

- 1.-Un responsable máximo da empresa que será o interlocutor oficial co Concello de Lugo e que poderá formar parte, ó mesmo tempo, do persoal técnico titulado adscrito ó servizo, con experiencia acreditada mínima de cinco anos como responsable ou encargado de contratos de servizos de reparación, mantemento e conservación de xogos infantís como os que nos ocupa. Non é esixible unha dedicación exclusiva a este contrato se ben estará permanentemente localizable aos efectos de comunicar incidencias e garantir unha correcta prestación do servizo.
- 2.-Dous Operarios de acreditada formación na conservación e mantemento de xogos infantís, con experiencia acreditada mínima de cinco anos en contratos de servizos de reparación, mantemento e conservación de xogos infantís como os que nos ocupa.
- 3.-Un Administrativo para a emisión de informes, partes, incidencias etc..
- 4.-Un Equipo con Programa Informático de Mantemento.
- 5.-Una Furgoneta con capacidade suficiente e propia de mantemento.
- 6.-Un local con capacidade e superficie suficiente e necesaria para prestar o Servizo destinado a almacén de pezas, xogos, recambios etc. necesario para a prestación do servizo.

No caso que durante a execución do contrato se modifique algún deste persoal que se compromete a adscribir á execución do contrato, deberá ser sempre substituíndose por outro con igual titulación académica e experiencia profesional e coa autorización previa do Concello de Lugo.

17. - REVISIÓN DE PREZOS



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

O un de xaneiro de cada un dos anos sucesivos de contrato, o canon de adjudicación será obxecto de actualización que se efectuará conforme ao Texto refundido da Lei de contratos do sector público. O canon fixado mediante a devandita actualización será de aplicación durante todo o ano de contrato, e non se producirán durante o ano máis revisións de prezos (complementarios, contraditorios nin de calquera outra índole).

18.- FORMA E PRAZO DE ABOAMENTO

O aboamento do servizo realizado polo adxudicatario farase mediante certificacións mensuais expedidas polo STPX.

19.- GARANTÍAS

Todas as reparacións que se efectúen ou elementos substituídos nas instalacións estarán garantidas, polo menos, durante tres anos.

A garantía enténdese total, incluíndo os materiais achegados e a man de obra. Afectará a todos os gastos que se poidan ocasionar, tales como os de transporte, desprazamento dos operarios, valor da man de obra, materiais e impostos, etc.

20.- DURACIÓN DO CONTRATO

Este contrato terá unha duración inicial de catro anos a partir da data indicada na acta do inicio do servizo. Será prorrogable por períodos sucesivos dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder SEIS anos. As prórrogas requirirán acordo expreso por ambas as dúas partes

21. - PRESUPOSTO

O presuposto do contrato de mantemento e conservación integral ascende á cantidade máxima anual de 75.000 €. incluído o IVE.

E para atender as necesidades e custos económicos a que dera lugar o desenrolado no Punto 4.- **Danos por actos vandálicos e outros,apartados 4.1 : 4.2 e 4.3,**dotase coa cantidade de 25.000 €. Incluído o IVE.

22. - DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA PRESENTAR

A proposta técnica presentarse no rigoroso orde e suborden de cada un dos apartados que se indica a continuación, desenvolvendo obrigatoriamente, individualmente e por separado cada un dos apartados que se relacionan.

Non se valoraran as Ofertas que non cumpran con este requisito.

Os concursantes deberán presentar un estudo no que se indicará o programa de inspección, mantemento, reparación, substitución, pintado e limpeza das áreas de xogo, dos carteis indicativos, do cerramento perimetral das áreas de xogos infantís, do pavimento das áreas de xogo.

No devandito programa de actuación que OBRIGA ao Adxudicatario,indicarase con unha extensión máxima de OITO folios por ambas caras (Din A-4) para o conxunto dos apartados a,b,c,d. (os apartados e,f,g,, sen limitación) :

a - Organización, programación e planificación dos traballos previstos para o desenvolvemento do servizo.



- b. - Descrición clara e detallada das operacións para realizar e frecuencias, así como o tempo máximo de reparación ou de substitución dos elementos avariados ou danados.
- c. - Relación do persoal asignado, a maiores do mínimo esixible, a este servizo, indicando a súa experiencia e categoría profesional.
- d. - Relación e descrición detallada dos medios mecánicos, materiais e auxiliares dispoñibles para a realización dos traballos obxecto deste contrato. Indicaranse vehículos, ferramentas, equipos e demais medios que destina para a realización deste servizo,
- f. - Outra documentación que considere necesaria ou conveniente
- g. - Plan de prevención de riscos laborais da empresa e estado de seguridade para o desenvolvemento deste contrato.
- h. - Pólizas do **seguro de responsabilidade civil** no exercicio da súa actividade.
- i.- Local, nave ou almacén que se utilizará para a correcta execución do servizo que ha de estar dentro do termo municipal de Lugo, e xuntará o documento que acredite a dispoñibilidade do dito local e instalacións (precontrato, opción de compra, contrato de aluguer...) con indicación da súa superficie e ubicación prevista así como unha descrición breve do mesmo,

23. - CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O Concello adxudicará o servizo a un único licitador.

1.-OFERTA ECONÓMICA.-.....ata un máximo de 8 Puntos.

A Oferta Económica valorarase en función da baixa proposta sobre o prezo de conservación establecido e da baixa presentada ós prezos propostos para os traballos por valoración (Prezos Unitarios)

A Oferta Económica valorarase en dous apartados:

a.-Baixa proposta para os traballos de conservación por prezo anualata un máximo de 5 Puntos

b.- Baixa proposta aos Prezos Unitarios.....ata un máximo de 3 Puntos

1.a.-Valoración da Oferta para os traballos de conservación:

Valorarase con 5 **puntos** a oferta económica mais baixa conforme a seguinte fórmula:

Obterá 5 puntos a proposición da empresa que oferte o prezo mais baixo. Obterán 0 puntos aquelas proposicións que non realicen baixa no prezo e as restantes valoraranse de xeito directamente proporcional en función da baixa ofertada.

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas cunha porcentaxe de baixa que exceda en 10 unidades ou máis a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas.

1.b.-Valoración da Oferta aos Prezos Unitarios.

Os licitadores deberán presentar unha baixa porcentual fixa e xeralizada para tódolos Capítulos ou para tódolos prezos unitarios.

Valorarase coa máxima puntuación (3 puntos) á oferta que presente a **baixa global máis alta (porcentaxe en %)** -economicamente mais beneficiosa para o Concello-, conforme a seguinte fórmula:

Oferta Licitador (porcentaxe en %)

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

$$P = \frac{\text{Oferta baixa media global m\u00e1s alta (porcentaxe en \%)}}{\text{Pmax.}} \times P_{\text{max.}}$$

Onde:

P = puntuaci\u00f3n obtida polo ofertante.

Pmax = puntuaci\u00f3n m\u00e1xima 3 puntos.

2.- Plan de inspecci\u00f3n e mantemento a seguir (4 puntos)

Valorarse neste apartado a planificaci\u00f3n, programaci\u00f3n e organizaci\u00f3n dos traballos, m\u00e9todo de execuci\u00f3n, ordes de traballo, frecuencias e calquera outro que avale e incida no mellor co\u00f1ecemento e calidade do servizo para prestar. Terase en conta especialmente a adecuaci\u00f3n do plan de inspecci\u00f3n e mantemento presentado \u00e1 realidade das \u00e1reas de xogos incluídas no contrato.

3.- Melloras anuais propostas nas \u00e1reas de xogos incluídas no contrato (3 puntos).

Valoraranse neste apartado as melloras ofertadas polas empresas licitadoras a realizar para cada ano do contrato nas \u00e1reas de xogos incluídas no contrato, incidindo especialmente nas m\u00e1is importantes e necesarias tendo en conta o estado actual das mesmas.

T\u00f3dalas melloras te\u00f1en que ofertarse para cada ano de contrato (incluídas as pr\u00f3rrogas) e deber\u00e1n estar descritas e xustificadas tecnicamente e avaliadas economicamente para que poidan ser tidas en conta, as\u00ed como tam\u00e9n, deben ter unha presentaci\u00f3n adecuada, viable e coherente cos c\u00e1lculos econ\u00f3micos delas e cunha valoraci\u00f3n econ\u00f3mica individual de cada mellora e cunha valoraci\u00f3n econ\u00f3mica global anual. As melloras que non ve\u00f1an avaliadas economicamente e xustificadas o seu custo non ser\u00e1n valoradas e obter\u00e1n 0 puntos. Reserv\u00e1ndose o Concello a revisi\u00f3n da avaliaci\u00f3n proposta.

Non obstante o Concello durante a execuci\u00f3n do contrato poder\u00e1 aceptalas ou non e cambialas total ou parcialmente por outras, respectando neste caso unicamente os importes econ\u00f3micos das melloras que se cambien, para logo o Concello distribuir\u00e1las segundo o seu criterio, aplicando os prezos unitarios do prego resultantes da baixa que o adxudicatario ofertase.

ANEXO 1


ZONAS OU \u00c1REAS DE XOGOS INFANT\u00cdS PARA MANTER E CONSERVAR DE FORMA E XEITO INTEGRAL

1. - \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DE ROSAL\u00cdA DE CASTRO.
2. - \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NAS COSTAS DO PARQUE.
3. - \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DO SAGRADO CORAZ\u00f3N.
- 4,5,6 - TRES \u00c1REAS DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DA MILAGROSA.
7. - \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DE ALBEIROS.
- 8,9. - D\u00daAS \u00c1REAS DE XOGOS NO PARQUE DO MI\u00d1O.
- 10.- \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DE ABELLA.
- 11.- \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NO PARQUE DOS PAXARI\u00d1OS.
- 12.- \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS CUBERTA NO PARQUE DO FEIRAL.
13. - \u00c1REA DE XOGOS INFANT\u00cdS NOS ROBLES.

42



- 14.- ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS GÁNDARAS.
15. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA ACEA DE OLGA. CARBALLEIRA NA ESTRADA DA GRANXA.
16. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA ACEA DE OLGA. PARQUE DE MARCOS CELA (AVENIDA DE MAGOI).
17. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA ACEA DE OLGA. CARBALLEIRA DA AVENIDA DE MAGOI.
18. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NO CAMPO CASTELO.
19. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN SAN ROQUE.
20. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA ROXA .
- 21- ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN ILLA VERDE.
- 22- ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN MONTIRÓN (PRAZA DAS ILLAS).
23. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NO XARDÍN DO SAGRADO CORAZÓN.
24. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA QUINTA DE PÉREZ.
25. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE SAN LOURENZO.
26. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS ENTRE CARRÍS (CARRIL DAS FLORES-CARRIL DAS HORTAS).
27. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NAS CASAS SINDICAIS
28. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA FONTE DOS RANCHOS .
29. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE ALACANTE.
30. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DA MILAGROSA.
31. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN RÚA/ RÍO AVIA.
32. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NA RÚA CASAS VELLAS - CAMIÑO DE ROMAI.
33. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NO CAMIÑO DE ROMAI.
34. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN AQUILINO IGREXAS.
35. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA AVENIDA DAS AMÉRICAS.
36. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA CS-8 RÚA/ GALICIA - RÚA/ SAN ROQUE.
37. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE VIANA DO CASTELO.
38. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DO CASTIÑEIRO.
39. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NO CATASOL.
40. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA RÚA / NOVO FREIRE.
41. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN AS TERMAS.
42. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA RÚA/ RÍO MANDEO.
43. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA RÚA/ ANGELO COLOCCI - RÚA/ DAS FONTES.
44. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN ANGELO COLOCCI- RÚA/ GALLEGO TATO.
45. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA ROLDA DO CARME- RÚA/ MARQUÉS DE HOMBREIRO.
46. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE AUGAS FÉRREAS.
- 47.-ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN MONTIRÓN. -UNIDADE DE ACTUACIÓN SUR -2.
48. - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS AQUILINO IGLESIAS, NÚMS. 22-26.
49. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NA CARBALLEIRA GRANDE DE ACEA DE OLGA.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 16x200190285

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-5-2016

50. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE EN PARQUE DA MILAGROSA (UN HEXÁGONO).
51. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE EN FONTE DOS RANCHOS.
52. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE EN PARQUE DE ALBEIROS.
53. - CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.
- 54.- CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS GÁNDARAS.
- 55.-CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NA UNIDADE DE ACTUACIÓN NORTE B.
- 56.- CIRCUÍTO BIOSALUDABLE NAS NÓREAS (NO INTERIOR DA MURALLA ROMANA).
- 57.- ÁREA DE XOGOS DEPORTIVOS INFANTÍS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS GÁNDARAS.
- 58.- ÁREA DE XOGOS DEPORTIVOS NAS COSTAS DO PARQUE.
59. - ZONA OU ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA GARDERÍA SAN XIAO
60. -ZONA OU ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA ROLDA DAS MERCEDES - AVDA. JOSÉ CASTIÑEIRA.
- 61, 62, 63, 64, 65 e 66. - SEIS ZONAS OU ÁREAS DE XOGOS NA SUR K (SAN FIZ).
- 67 y 68 - DÚAS ZONAS OU ÁREAS DE XOGOS NA UNIDADE DE ACTUACIÓN NORTE B.
- 69 y 70 .- DÚAS ZONAS OU ÁREAS DE XOGOS NAS UNIDADES N1 Y N2 EN GARABOLOS.
- 71.- ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NAS NÓREAS (NO INTERIOR DA MURALLA ROMANA).
- 72 - ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN PARADAI .
- 73.- ÁREA DE XOGOS INFANTÍS EN ORBAZAI."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 100.000 euros con cargo á aplicación 17100.22799 do vixente orzamento xeral de 2016 (RC 5866/16)

CUARTO.- Aprobar a adjudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.